

O PEQUENO NICOLÁS

Amandine Fredon, Benjamin Massoubre, 2022

1047

ESTREA EN NUMAX: 24.12.2022 | V.E. | +6 | 82 min

Inclinados sobre un gran folio en branco nalgún lugar entre Montmartre e Saint-Germain-des-Prés, Jean-Jacques Sempé e René Goscinny dan vida a O pequeno Nicolás, un neno ledo e falcatruero.

«Unha preciosidade feita de acuarelas. Un guión didáctico, tenro e entretido»

Elsa Fernández-Santos, EL PAÍS



Entrevista con Amandine Fredon e Benjamin Massoubre: «Queríamos transmitir o noso amor máis sincero polo pequeno Nicolás»

Como xurdiu o proxecto? Amandine Fredon [AF]: Inicialmente a idea era facer un documental con material de arquivo de Jean-Jacques Sempé e René Goscinny que se iría combinando con animacións de relatos d'*O pequeno Nicolás*. Segundo fomos avanzando, vimos que o proxecto funcionaba mellor como unha película animada. Non só encaixaba co universo dos autores, senón que tamén nos brindaba a oportunidade de adaptar por primeira vez as historias d'*O pequeno Nicolás* ao cinema de animación.

Benjamin Massoubre [BM]: Detrás desta película, que combina a biografía dos autores con relatos d'*O pequeno Nicolás*, hai moitos anos de traballo. Eu non me unín ao proxecto ata a primavera de 2020, pero o financiamento e o desenvolvemento comezou moito antes. O meu primeiro labor foi compartida con Anne Goscinny: reescribimos algunhas secuencias sobre a vida de Sempé e Goscinny para incluír o maior número de detalles biográficos sobre os autores. En paralelo, colaboramos con Fursy Teyssier e Juliette Laurent na dirección artística, repasando os personaxes, os escenarios e a paleta de cores.

Como vos organizastes á hora de colaborar na película? BM: Como eu veño do mundo da montaxe e o guión, centreime en todo o proceso de escritura, no que colaborei con Anne Goscinny. Así mesmo, traballei man a man con Amandine para tomar decisións sobre dirección artística e animación.

AF: É importante ter en conta que a pedra angular dos proxectos de animación é a montaxe. O proceso planifícase minuciosamente antes de empezar para deixalo todo ben atado e que os equipos non animen escenas que poidan ser descartadas. A montaxe a miúdo permítenos resolver tamén problemas de guión, porque ao velo debuxado queda moi claro que funciona e que non.

BM: Por iso traballei estreitamente nos guións gráficos para planificar as secuencias e crear un animatic para previsualizar a historia. Queríamos ter un borrador da película enteira para ver como funcionaban os planos, voces, sons e a música para cadrar a duración exacta das escenas antes de crear as versións finais.

Impón contar a historia de dous personaxes tan lendarios como Sempé e Goscinny? BM: O seu libro pasou de xeración en xeración en moitísimas familias francesas. Na miña, o meu avó lleullo ao meu pai, o meu pai leumo a min e agora eu fago o propio cos meus fillos. Ao traballar nun proxecto con tanto peso cultural, dá algo de reparo que se malinterpreten as intencións, pero a única forma de superar a presión foi crear unha película que transmita a nosa sinceridade e amor polo pequeno Nicolás. Aínda así, foi todo un reto porque queríamos honrar a estes autores e, á vez, tiñamos que alcanzar o nivel de elegancia que caracteriza a arte de Sempé e trasladar o enxeño e o humor de Goscinny á pantalla. A clave estivo en render homenaxe aos autores mantendo certa distancia para non caer na caricatura ou a imitación. Por iso quixemos ser moi fieis aos suxeitos que estabamos a retratar. Por iso é polo que empregamos entrevistas con eles para as voces en off e para os debuxos, repasamos o material de arquivo para observar como se movían. Grazas a Anne Goscinny, tamén puidemos ver os debuxos e textos orixinais d'*O pequeno Nicolás*. Hoxe en día, no noso mundo tan virtual, foi moi especial poder tocar os documentos, rotuladores e lapis do seu pai e ver a mesa na que traballaba. Tentamos transmitir esa sensación de proximidade e esa emoción aos espectadores a través da pantalla. A relación entre o tacto, o debuxo a man, a mecanografía, o son das páxinas ao voo... Esa relación táctil coa creación tiña que ser unha parte fundamental da película.